



## MANUAL - PAGO TELEMÁTICO DE TAXAS DE COMEDOR

IMPORTANTE: Só pode, ao menos de momento, facer o pago telemático se ten conta en algún dos seguintes bancos: ABANCA, Caixa Rural Galega, Caixabank, Caja Rural de Zamora ou EVO Banco. Se non ten conta nestas entidades, tamén o pode facer sempre que non sexa un importe superior a 50 euros e pagando unha comisión.


Para efectuar o pago telemático das taxas de comedor escolar, deben entrar na páxina da oficina virtual tributaria da axencia tributaria galega (<a href="http://ovt.atriga.gal">http://ovt.atriga.gal</a>) e picar no botón cidadáns, tal e como se indica na seguinte fotografía:



A continuación, a ruta é:



Ver imaxes seguintes:









A continuación ábrese un formulario onde debemos cubrir, en menús despregables, os seguintes datos:

- ✓ Consellería: Consellería de Educación, universidade e formación profesional
- ✓ Delegación: A Coruña
- ✓ Servizo: Secretaria
- ✓ Taxa: 352800-Comedores escolares.
- ✓ Obxecto de pago: Poñer o nome completo da persoa que fai uso do comedor e o mes que se está a pagar.
- ✓ A ingresar: Poñer o importe correspondente a pagar segundo os impresos recibidos do colexio.



Premer en seguinte e continuar cos datos identificativos do pagador e premer no botón de pago telemático.











A partir de aquí, iníciase o proceso de pago telemático que debe confirmar para entrar na plataforma de pago. Nesta, debe escoller o tipo de pago telemático, o modo tarxeta e o banco co que desexa facer a transacción.

IMPORTANTE: Só pode pagar con algún dos bancos que aparecen: ABANCA, Caixa Rural Galega, Caixabank, Caja Rural de Zamora ou EVO Banco.

Se non ten conta nalgún deses bancos, tamén o pode facer, sempre que non sexa un importe superior a 50 euros e pagando unha comisión. Para iso, debe escoller calquera opción e proseguir co pago.





Unha vez efectuado o pago, ten que descargar un xustificante como o que se mostra na imaxe que segue, e envialo ao colexio.

